

MULLERES REFERENTES NA CIENCIA EN GALICIA

Ourense, 3 de febreiro de 2020

O vindeiro luns 3 de febreiro ás 10:00 a.m desenvolverase no salón de actos do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel a actividade "Mulleres Referentes na Ciencia en Galicia" co fin de dar a coñecer a carreira profesional de dúas mulleres referentes relacionadas cos estudos que se imparten no CIFP. Do mesmo xeito, esta mesa redonda afondará no camiño que tiveron que percorrer non só como científicas e investigadoras senón tamén como mulleres. Unha oportunidade única de coñecer máis de cerca a estas profesionais as cales o alumnado e o profesorado poderán remitir as súas preguntas e inquedanzas.

O acto desenvolverase de forma espontánea e sinxela e terá como protagonistas a Mabel Loza, doutora en Farmacia e catedrática de Farmacoloxía pola USC e a África González Catedrática de Inmunoloxía e directora do Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Vigo. Así mesmo, o acto estará presidido polo director do centro do CIFP A Carballeira, Vicente Ribao, e conducido pola directora de Coeduca Pilar Porral. A Secretaría Xeral de Igualdade Susana López Abella participará como representante activa da Xunta de Galicia na mesa redonda e trasladará tamén as súas cuestións e inquedanzas ás mulleres protagonistas.

O desenvolvemento do acto responderá a seguinte pauta:

- **09:30_** Benvida do equipo directivo do centro e da directora de Coeduca a Mabel Loza, África González, á Secretaria Xeral de Igualdade e ás persoas delegadas da Xunta de Galicia en Ourense.
- **10:00_** Inicio da actividade "Mulleres Referentes na Ciencia en Galicia" coa presentación inicial do director Vicente Ribao.

- **10:10_** A directora de Coeduca fai unha pequena reseña a modo de presentación do curriculum das persoas participantes na mesa redonda.
- **10:15 a 10:45_** Pilar Porral formula unha serie de preguntas a Mabel Loza e a África González sobre os seus inicios profesionais, o desenvolvemento das súas carreiras e as súas vivencias como mulleres.
- **10:45 a 11:00_** A Secretaria Xeral de Igualdade Dona Susana López Abella traslada as súas cuestións e reflexións as dúas invitadas Mabel Loza e África González.
- **11:00 a 11:25_** O público asistente ao acto traslada as súas inquedanzas e dúbidas ás dúas invitadas.
- **11:25 a 11:30_** Despedida e agradecemento do director Vicente Ribao ás personalidades asistentes e as mulleres referentes por participar nunha mesa redonda para visualizar o papel da muller no ámbito científico.

Coeduca consultora de coeducación

C/Camino de Gustavo, 31- As Gándaras-27003-Lugo

Tlf: +34 657576376

www.coeducaconsultora.com